


PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO NOS SUPOSTOS DE ALERTA METEOROLÓXICA

Neve, xeo, chuvia forte ou vento, en días lectivos, que poida afectar a apertura de centros escolares e transporte de escolares

ZONAS XEOGRÁFICAS

A CORUÑA



Interior da Coruña.

Ames, Aranga, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, A Capela, Coirós, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Monfero, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, As Pontes de García Rodríguez, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vilasantar.


Noroeste da Coruña. Abegondo, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Cambre, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cerceda, Cerdido, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, Laxe, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, Oleiros, Ortigueira, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Pontedeume, Sada, San Sadurniño, Valdoviño e Vilarmaior.

Oeste da Coruña. Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

Suroeste da Coruña.

Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois.

LUGO



Montaña de Lugo.

Baleira, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos e Triacastela.

A Mariña. Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Xove, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo e Viveiro.

Centro de Lugo. Abadín, Antas de Ulla, Begonte, Castro de Rei, Castrovirre, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Lámbara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Portomarín, Riotorto, Rábade, Sarria, Vilalba e Xermade.

Sur de Lugo.

Baralla, Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober e Taboada.



UNIDADES INTERVINTES

- * Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- * Axencia Galega de Emerxencias.
- * Dirección Xeral de Mobilidade.
- * Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (MeteoGalicia).
- * Dirección Xeral de Centros.
- * Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- * Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO NOS SUPOSTOS DE ALERTA METEOROLÓXICA

ZONAS XEOGRÁFICAS

OURENSE



Noroeste de Ourense. Amoeiro, Avión, Beariz, Boborás, O Carballiño, Coles, O Irixo, Maside, A Peroxa, Piñor, San Cristovo de Cea e Vilamarín.



Miño de Ourense. A Arnoia, Barbadás, Beade, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Nogueira de Ramuín, Ourense, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Pontedeira, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, Taboada e Toén.

Valdeorras. O Barco de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras.

Sur de Ourense. Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Os Blancos, A Bola, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Celanova, Cualedro, Entrimo, Xinzo de Limia, Gomeśende, Xunqueira de Ambía, Laza, Lobeira, Lobios, A Merca, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vereia, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Vilardevós.

Montaña de Ourense. O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Esgos, A Gudiña, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo, Parada de Sil, A Pobra de Trives, San Xoán de Río, Riós, A Teixeira, A Veiga, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

PONTEVEDRA



Rías Baixas.

Barro, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Pontevedra, Portas, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Redondela, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Valga, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Interior de Pontevedra.

Campo Lameiro, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, Agolada, Lalín, A Lama, Moraña, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Miño de Pontevedra.

Arbo, Crecente, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, O Porriño, Pontearreas, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui.

OPERATIVA FMA

1) RECEPCIÓN ALERTAS.

- MeteGalicia ou AEMET envían boletíns con previsión de FMA.
- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior convoca a **Comisión de Alertas**.

2) COMISIÓN DE ALERTAS.

- Integrada por representantes de diversas consellerías e entidades.
- Avaliación e decisión de medidas segundo os boletíns meteorolóxicos.
- Nivel **laranxa** ou **vermello** activan medidas de seguridade; nivel **amarelo**, valoración adicional segundo contexto.

3) MEDIDAS SEGUNDO NIVEL DE ALERTA.

- Ver na seguinte páxina.

4) COMUNICACIÓN.

- Notificacións de medidas por medios electrónicos antes das 13h do día previo, con carácter xeral.
- Publicación en web oficial e comunicación a empresas de transporte.
- Remisión das decisións a direccións territoriais, servizos competentes e organismos clave.

PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO NOS SUPOSTOS DE ALERTA METEOROLÓXICA

MEDIDAS SEGUNDO NIVEL DE ALERTA

NIVEL AMARELO

- **Non se adoptarán medidas de suspensión** de actividades ao aire libre, suspensión do transporte de escolares ou da actividade escolar.

- **A Comisión de Alertas poderá propoñer medidas específicas** para garantir a seguridade do alumnado, que serán comunicadas ás direccións dos centros e ás persoas representantes das empresas de transporte polas consellerías. Tamén prestará o seu **apoio e asesoramento** para a adopción de decisións pertinentes antes do inicio do FMA e durante o seu período de duración.

NIVEL LARANXA

(comunicación á dirección
do centro e aos
transportes, con obriga de
vixiar a información
meteorolóxica)

- **VENTO.** Suspensión das actividades escolares no exterior, podendo chegar á suspensión da actividade docente e do transporte escolar en función da valoración de factores como a afectación no horario lectivo, o sostido do fenómeno no tempo e a concorrencia con outros FMA.

- **CHUVIA (1h / 12h).** Suspensión das actividades escolares no exterior.

- **NEVE.** Suspensión da actividade docente e o transporte escolar.

- **Obriga de apertura dos centros.** A declaración de suspensión do transporte de escolares ou das actividades ao aire libre non afecta a obriga das direccións dos centros da apertura dos mesmos, e do profesorado para acudir, sempre que poidan acceder ao posto de traballo en atención ás circunstancias de acceso por estrada.

NIVEL VERMELLO

- Procederase á **suspensión da actividade docente nos centros, do transporte de escolares e das actividades extraescolares.**

- **Extensión territorial.** Poderá incluír a totalidade do ámbito territorial da Comunidade Autónoma ou concellos incluídos en determinadas zonas xeográficas de aviso.

- **NON obrigatoriedade do profesorado de acudir ao centro.**